

UGT PRESENTA AS SÚAS ALEGACIÓNS ANTE O CEDS PARA RECLAMAR A EFECTIVIDADE DO DEREITO Á VIVENDA

O sindicato demanda recoñecer a vivenda como un dereito exixible, ampliar o parque público e limitar a especulación para garantir o acceso a unha vivenda digna e alcanzable

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) presentou este mércores as súas alegacións fronte ás observacións do Goberno de España e ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais (CEDS), no marco da reclamación colectiva interposta pola vulneración do dereito á vivenda recoñecido na Carta Social Europea Revisada.

En rolda de prensa ante os medios de comunicación, o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, destacou que a vivenda “sempre foi unha das cuestións prioritarias para a defensa das persoas traballadoras”, tanto desde a perspectiva das condicións laborais como do benestar da cidadanía.

Neste sentido, lembrou que as organizacións sindicais xa advertiron durante o pasado Primeiro de Maio de que “non é posible que os convenios colectivos poidan absorber o aumento especulativo que se está producindo no sistema de vivenda do noso país”.

O dirixente sindical sinalou que “cada día que pasa, a situación agrávase máis” e criticou a derogación parlamentaria do real decreto-lei relativo á prórroga dos alugueiros, asegurando que “moitas persoas non van poder durmir baixo un teito” como consecuencia desa decisión.

Pepe Álvarez: “Unha persoa necesita 52 anos de salario para adquirir unha vivenda en propiedade”

Doutra banda, durante a súa intervención Álvarez ilustrou a crise da vivenda con datos que evidencian a gravidade da situación: “unha persoa necesita 52 anos de salario neto para poder adquirir unha vivenda en propiedade”, mentres que “o 14% dos mozos no noso país non pode emanciparse porque non ten acceso á vivenda”. Ade-

mais, lembrou que “en 2025 o aumento do salario foi do 3,6% e o aumento do prezo da vivenda do 12,9%”.

Por iso, Álvarez esixiu que a vivenda sexa recoñecida como “un dereito reclamable ás administracións competentes”, que teñen a obriga de garantir unha vivenda digna e alcanzable “de acordo cos parámetros que se sitúan en relación co custo que unha persoa pode dedicar á vivenda, entre o 25 e o 30% do salario”, explicou.

“O sindicato quere indicar de xeito claro que a vivenda é un ben público, de uso privado, pero un ben público”, afirmou o secretario xeral de UGT, quen tamén defendeu que “ninguén debería de poder acumular un número de vivendas irracional, como ocorre cos fondos voitre e fondos de investimento.”

Así mesmo, reclamou unha regulación máis estrita das vivendas turísticas e un necesario aumento do parque público de vivendas. Nese sentido, referiuse á patronal para que sexa consciente de que a crise habitacional tamén é un problema económico, posto que “non vai ser posible que nas zonas tensionadas do noso país poidanse cubrir postos de traballo, se non somos capaces de dispoñer dun parque de vivenda digno.”

O dereito á vivenda, entendido como un dereito exixible

Pola súa banda, o vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, Fer-



nando Luján, insistiu en que o sindicato defende “o dereito á vivenda como un dereito exixible”, subliñando que “a diferenza entre ser un ben de mercado e un dereito exixible é esa: non se trata dunha política económica, trátase do dereito á vivenda”.

Luján sinalou as cuestións máis importantes en relación ás alegacións presentadas por UGT, que viran ao redor de que “en España o dereito á vivenda non se respecta”, especialmente para as persoas traballadoras con salarios máis baixos e para a mocidade, que en moitos casos deben destinar “máis do 80% do salario” ao acceso a unha vivenda.

Ademais, sinalou a resistencia dalgunhas comunidades autónomas a aplicar a Lei de Vivenda e lamentou que determinadas iniciativas para paliar a situación, como o Real decreto-lei sobre a prórroga dos alugueiros, fosen rexeitadas no Parlamento español.

Finalmente, Fernando Luján explicou que UGT espera que o Comité Europeo de Dereitos Sociais dite unha resolución favorable que permita incorporar plenamente a Carta Social Europea Revisada ao ordenamento xurídico español, e garanta o acceso efectivo a unha vivenda digna para toda a cidadanía.

O METAL DE PONTEVEDRA, TANTO INDUSTRIA COMO COMERCIO, PROTAGONIZAN DÚAS NOVAS XORNADAS DE FOLGA E VARIAS MOBILIZACIÓNS

Redacción.- O metal da provincia de Pontevedra parou masivamente de novo este mércores e xoves, como xa o fixera o xoves da semana pasada, nas xornadas de folga convocadas por UGT, xunto con CCOO e CIG, para denunciar o inmovilismo da patronal á hora de negociar o convenio colectivo.

Un convenio que afecta a máis de 3.500 empresas na provincia e a uns 33.000 traballadores.

Inicialmente, os tres sindicatos convocaron tres xornadas de folga, os días 7, 13 e 14 de maio coa posibilidade aberta de ir máis aló, con outras tres xornadas, os días 19, 20 e 21, coincidindo coa celebración de Navalía en Vigo. Todo á espera do que suceda na reunión que hoxe convocou a patronal.

Como explicou Cristian González (UGT), non se trata só dunha negociación salarial, como pretende a patronal, reducir esta a un dígito.

Trátase de moito máis, de condicións laborais dignas para o sector que garantan a estabilidade laboral dos seus traballadores, a conciliación da súa vida laboral e persoal e a protección da súa seguridade e saúde.

Por isto, entre outras demandas, des-



taca a petición da xornada continua nos meses de verán, precisamente, para garantir a conciliación e para evitar o estrés térmico.

A estabilidade debería pasar por evitar o abuso da subcontratación e que esta non chegue máis aló dun primeiro nivel de contratación.

E outra das demandas é que este novo convenio non teña unha vixencia maior de tres anos, xa que as condicións do sector son moi variables e o lóxico é adaptalas condicións laborais en breves espazos de tempo. En definitiva, os traballadores o que demandan é un convenio que dignifique as condicións laborais do sector do metal na provincia.

Pola súa banda, os traballadores e traballadoras do comercio do metal da pro-

vincia de Pontevedra pararon tamén este mércores e xoves e mobilizáronse conxuntamente cos da industria do metal.

Dende FeSMC-UGT-Pontevedra denuncia que a patronal ATRA leva meses bloqueando a negociación do convenio provincial. A patronal pretende eliminar dereitos consolidados como a cobertura das baixas por enfermidade co 100%. Ademais disto, pretenden recortar outras condicións laborais que o sector leva anos defendendo. Apúntase que, sen convenio provincial, o sector vai quedar desprotexido, con salarios máis baixos, xornadas máis longas e menos garantías.

Por isto, para evitar que ATRA continúe impondo a práctica do desgaste e o bloqueo, o comercio do metal decidiu mobilizarse e dicir basta xa.

O METAL DA CORUÑA IRÁ Á FOLGA O 19 DE MAIO ANTE O BLOQUEO PATRONAL Á NEGOCIACIÓN DO CONVENIO

Redacción.- As centrais sindicais UGT, CCOO e CIG acordaron convocar unha primeira xornada de folga no siderometal da provincia da Coruña para o vindeiro 19 de maio en resposta ao secuestro patronal á negociación do novo convenio. O sector dá así un paso adiante, seguindo o camiño xa iniciado polo metal de Pontevedra, e advirte que, de non mudar o empresariado a súa postura de bloqueo, as medidas de presión intensificaranse ata lograr un convenio digno.

Esta convocatoria foi acordada polas asembleas de traballadoras e traballadores celebradas na Coruña, Santiago e Ferrol logo do "esperpento" sucedido o 6 de maio, data na que estaba fixada unha reunión da comisión negociadora que a patronal suspendeu alegando como escusa unha protesta do persoal do comercio na sede da

CEC.

"O metal quere que negociar o seu convenio e quere unha negociación real", aseveran as tres centrais sindicais. Subliñan que nun contexto de crecemento da carestía e empobrecemento dos salarios derivado da guerra no Irán, a patronal pretende dilatar de maneira intencionada a sinatura dun acordo "mentres os traballadores e as traballadoras perden dereitos e capacidade adquisitiva".

Neste senso, UGT, CCOO e CIG reiteran que non van tolerar que sexa o persoal quen pague esta conxuntura nin un retroceso nos dereitos laborais conquistados tras moitos anos de negociación e loita, "mentres as empresas continúan incrementando os seus beneficios".

Os sindicatos lembran que as demandas sociais son "realistas e razoables" e pasan por cuestións tan básicas como un incremento salarial digno, reducir a xornada laboral, regular os pluses, combater a precarización a través das ETT e dos contratos fixos discontinuos, mellorar os complementos das baixas médicas, limitar a subcontratación en cadea, etc.

Porén, coa súa postura inmovilista, "a patronal non nos deixa outra saída que convocar folga". Por iso, as tres centrais sindicais fan un chamamento a todas as persoas traballadoras do siderometal da provincia (que emprega a unhas 15.000 persoas) a dar unha resposta unitaria e contundente, secundar a folga do día 19 e participar nas mobilizacións que se convoquen para esa xornada, "porque non nos queda outra, temos que loitar polos nosos dereitos".

NOVO LUNS DE FOLGA NO TÉXTIL PARA DICIR NON AO CONVENIO DE ARTE QUE SUPÓN UNHA PERDA SIGNIFICATIVA DE DEREITOS LABORAIS

Redacción.- Este luns as traballadoras e traballadores do sector volveron saír ás rúas e protagonizaron unha xornada de folga para dicir non ao preacordo do convenio de ARTE.

As concentracións, desenvolvidas nas cidades galegas, contaron cunha ampla participación de persoas traballadoras do sector do comercio, que saíron á rúa para defender os seus dereitos laborais e expresar o seu malestar cun acordo que consideran prexudicial. UGT considera que este acordo supón un retroceso en dereitos laborais fundamentais conquistados tras anos de negociación.

O preacordo empeora as licenzas retribuídas e complementos

O preacordo expón a eliminación ou o enfraquecemento de aspectos clave como as licenzas retribuídas, complementos económicos, garantías sobre a xornada laboral ou a es-

tabilidade na contratación. Neste sentido, advirten que a súa aplicación implicaría unha precarización do sector do comercio.

UGT agradece a implicación e o compromiso de todas as persoas que participaron nas protestas, subliñando que a resposta colectiva demostra a importancia da mobilización para frear medidas que supoñan unha perda de dereitos.

A Organización insiste en que seguirá traballando e defendendo unhas condicións laborais dignas para o conxunto do sector, reiterando o seu rexeitamento a calquera acordo que implique retrocesos nas conquistas logradas tras anos de negociación.



UGT DEMANDA UNHA LEI BÁSICA QUE ACABE COA FRAGMENTACIÓN E PRECARIIDADE DOS SERVIZOS DE BOMBEIROS

Redacción.- UGT Servizos públicos de Galicia presentou este luns en Santiago a súa plataforma pola Lei Básica de Bombeiros e Bombeiras, unha normativa urxente para garantir que calquera cidadán reciba unha atención de emerxencia eficiente e profesional, independentemente do seu lugar de residencia, e superar a actual fragmentación do sector, que conta con máis de 130 servizos diferentes en todo o Estado cun total de 22.000 bombeiros e bombeiras profesionais que dependen das distintas Administracións. En Galicia o total de persoal afectado dos servizos provinciais e dos concellos ascende a preto de 1.100 profesionais.

No acto participaron Juan Loureiro, secretario do sector de Administración local da Federación de Servizos Públicos de UGT Galicia; Álvaro Negreira, responsable autonómico do Sindicato de Bombeiros; e os delegados Alberto Vázquez Mosconi e Pablo Fadeville.

Juan Loureiro destacou que a ac-



tual Lei de Bases do Réxime Local 7/1985 resulta "insuficiente e obsoleta" para regular un servizo que é a base operativa da protección civil. "A emerxencia climática e os novos riscos esixen unha resposta pública robusta e coordinada que a normativa actual non pode garantir", sinalou Loureiro.

Pola súa banda, Álvaro Negreira fixo fincapé na necesidade de que cada Comunidade Autónoma desen-

volva as súas propias leis baseándose nun marco estatal común. Negreira defendeu a "integración progresiva dos servizos locais e provinciais en Corpos de Bombeiros Autonómicos" para homoxeneizar as condicións, a organización e os tempos de resposta.

A plataforma de UGT Servizos Públicos propón que todo o persoal teña a condición de funcionario de carreira e axente da autoridade. Así mesmo,

reivindicase que o acceso e a promoción sexan estandarizados en todo o territorio, con escalas e categorías comúns integradas no grupo C1 (Bachiller ou Técnico). "Necesitamos un catálogo específico de enfermidades profesionais e unha vixilancia da saúde que se estenda máis alá da vida laboral", reclamou Negreira.

UGT incide en que o servizo debe ser de xestión directa e exclusivamente pública, rexeitando calquera tipo de externalización. Entre as de-

mandas técnicas, destacou a necesidade de que os parques contengan unha "sectorización diferenciada entre zona limpa e sucia" para limitar a exposición a contaminantes canceríxenos, así como unha regulación estrita do voluntariado para que nunca substitúa as funcións estruturais dos profesionais.

Obxectivos principais da proposta de Lei:

Contidos mínimos: establecer es-

tándares homoxéneos en formación e dotación segura por intervención.

Igualdade: garantir un ambiente laboral seguro e adaptado con perspectiva de xénero.

Envellecemento activo: xestionar a adecuación de tarefas segundo a idade e o estado físico ou psíquico.

Investigación de sinistros: recoñecemento da investigación como competencia propia do corpo.

UGT FICA CHAMA Á PARTICIPACIÓN NA MANIFESTACIÓN DESTA SÁBADO EN PONTECESURES EN APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE NESTLÉ

Redacción.- Os delegados e delegadas de persoal e membros dos comités de UGT-FICA nas empresas das comarcas da contorna da fábrica que Nestlé ten en Pontecesures manifestan o seu apoio e solidariedade cos seus traballadores e traballadoras na súa loita por preservar o emprego e a actividade.

Neste mesmo senso, como expresaron a través da cartelería que

foi distribuída nas empresas das comarcas e contorna, instan aos traballadores e traballadoras das empresas das comarcas e contorna, así como á cidadanía en xeral, a participar na manifestación que terá lugar o vindeiro sábado, día 16, en Pontecesures ás 12.00 horas contra os despedimentos en Nestlé.



UGT ASINA O NOVO CONVENIO DO COMERCIO TÉXTIL DE LUGO TRAS MÁIS DUNHA DÉCADA SEN RENOVACIÓN

O acordo actualiza as condicións laborais do sector ata 2028, incorpora melloras salariais e sociais e sitúa os salarios por encima do SMI tras anos de bloqueo negociador

Redacción.- UGT asinou o novo convenio colectivo provincial do comercio téxtil de Lugo, poñendo fin a máis dunha década sen renovación do marco laboral do sector, cuxa última referencia salarial databa de 2015. O novo acordo terá vixencia ata o ano 2028 e supón unha actualización integral das condicións laborais e económicas das persoas traballadoras.

Desde o sindicato destacan especialmente o valor de lograr desbloquear un convenio que levaba anos pendente de actualización, permitindo adaptar os salarios e dereitos laborais á realidade actual do sector e garantir retribucións por encima do Salario Mínimo Interprofesional.

Entre as principais melloras recollidas no convenio figura a actualización salarial con efectos retroactivos para 2026 e subidas adicionais do 3% para 2027 e 2028, alén dunha cláusula de re-

visión ligada ao IPC. UGT subliña tamén o importante incremento salarial para a categoría de axudante, que alcanza un 39%, mantendo ao mesmo tempo diferenzas retributivas entre categorías para evitar desequilibrios salariais dentro do sector.

O novo texto incorpora ademais melloras sociais e de conciliación, como o recoñecemento dun segundo día de asuntos propios retribuído a partir de 2027, novas medidas de conciliación laboral e familiar e avances en permisos e dereitos laborais.

O convenio adapta así mesmo o sector á normativa e realidade actuais en materias como igualdade, prevención de riscos laborais, saúde laboral, desconexión dixital e protección fronte ao acoso. Tamén inclúe medidas específicas de igualdade e non discriminación para as persoas LGTBI, así como protocolos de actuación fronte ao acoso por orientación



sexual, identidade ou expresión de xénero.

Desde UGT valórase o acordo como "un paso importante para dignificar as condicións laborais do comercio téxtil de Lugo" e destácase que o novo convenio achega estabilidade e seguridade xurídica tanto ás persoas traballadoras como ás empresas do sector.

UGT ANUNCIA UNHA FOLGA INDEFINIDA NO TRANSPORTE POR ESTRADA A PARTIR DO 8 DE XUÑO

Redacción.- A Federación Estatal de Servizos, Mobilidade e Consumo de UGT (FeSMC-UGT) anunciou este xoves a convocatoria dunha folga sectorial xeneral e indefinida no transporte por estrada de mercancías e viaxeiros a partir do próximo 8 de xuño para esixir ao Goberno unha resposta por escrito á solicitude de coeficientes redutores realizada por UGT e que permitan adiantar a idade de xubilación dos condutores profesionais debido á penosidade desta profesión.

O anuncio realizouse durante a rolda de prensa celebrada este xoves na sede de UGT en Madrid, na que interviñeron o secretario xeral de FeSMC-UGT, Antonio Oviedo, e o secretario federal do Sector de Estradas, Urbanos e Loxística de FeSMC-UGT, Diego Buenestado.

Unha reivindicación histórica do sector

Oviedo lembrou durante a súa intervención que esta reivindicación “é histórica” para o sector e para UGT, mostrando incluso un antigo cartel sindical co lema “A fatiga mata”. “Este cartel ten máis de 20 anos, o que evidencia que esta reivindicación de xubilación anticipada para os condutores profesionais é unha reivindicación histórica do sector e deste Sindicato”, sinalou.

O secretario xeral de FeSMC-UGT denunciou tamén a falta absoluta de resposta por parte da Administración pública un ano despois de iniciarse a tramitación da solicitude sindical de coeficientes redutores: “pasaron máis de seis meses desde que se aprobou a tramitación da solicitude dos coeficientes redutores para a xubilación anticipada cursada polas organizacións sindicais e non obtivemos resposta do Goberno, do Ministerio, da Administración pública, o que implica que tras seis meses considérase silencio administrativo e os coeficientes quedan denegados. Esa é a única certeza que UGT ten a día de hoxe”.

Oviedo reclamou ao Ministerio de Traballo unha resposta oficial e por



escrito sobre o estado de tramitación do expediente e denunciou que nin sequera se reunira aínda a comisión técnica encargada de avaliar os informes necesarios para resolver esta cuestión. “Queremos unha resposta por escrito do Ministerio de Traballo na que se nos diga en que situación está este asunto. E que, se necesitan máis tempo, pois que o digan oficialmente, pero non dean a calada por resposta”, afirmou..

Europa reconece a penosidade da profesión

O dirixente sindical lembrou ademais que outros países europeos xa teñen recoñecida a penosidade da condución profesional e contan con mecanismos de xubilación anticipada para estes traballadores e traballadoras. “Hai países como Alemaña, Italia ou Francia, países da Unión Europea que nos levan moita vantaxe nisto, que teñen mecanismos recoñecidos para a xubilación anticipada dos condutores e condutoras profesionais porque teñen recoñecida normativamente a penosidade desta profesión”, subliñou.

Pola súa banda, Diego Buenestado puxo o foco na gravidade da sinistralidade laboral e vial no sector, lembrando que “máis de 1.800 condutores profesionais faleceron desde o ano 2013”. Ademais, quixo deixar claro que “esta non é unha folga con-

tra as empresas, é unha folga contra a Administración Pública”.

Buenestado reclamou ao Goberno “un calendario de traballo por escrito e que o cumpran” e reiterou a vontade negociadora do sindicato: “UGT quiere dialogar, acordar, pero non obtemos respostas do Ministerio de Traballo”.

A sinistralidade evidencia a dureza do sector

Durante a comparecencia, FeSMC-UGT lembrou ademais os preocupantes datos de sinistralidade viaria rexistrados en 2025. Segundo o «Balance de Sinistralidade Viaria da Dirección Xeral de Tráfico» (DXT), o pasado ano faleceron 41 persoas en accidentes con camións de máis de 3.500 quilos, 17 persoas en accidentes con vehículos comerciais lixeiros e 2 persoas en accidentes de autobús.

Para FeSMC-UGT, estes datos reflicten con claridade a dureza e a responsabilidade que implica a condución profesional e reforzan a necesidade urgente de recoñecer coeficientes redutores que permitan adiantar a idade de xubilación nun sector sometido a elevados niveis de fatiga, tensión e desgaste físico acumulado durante décadas de traballo ao volante e que non só pon en risco a vida dos profesionais senón a de todos os usuarios da estrada.

UGT REIVINDICA UNHA EUROPA DAS TRABALLADORAS E OS TRABALLADORES NO 40 ANIVERSARIO DA ADHESIÓN DE ESPAÑA Á UNIÓN

No Día de Europa UGT reafirma o seu compromiso coa Unión Europea (UE) de progreso, da paz democrática e cohesión, construída sobre os piares da xustiza social, a igualdade e a solidariedade entre os pobos

Redacción.- A celebración do Día de Europa ten este ano un significado especial para España, ao conmemorarse o XL aniversario da súa adhesión á entón Comunidade Económica Europea (CEE). Son catro décadas nas que a integración no proxecto común contribuíu de xeito fundamental á consolidación democrática, ao fortalecemento institucional, á ampliación de dereitos e ao desenvolvemento económico, entre outros moitos avances.



Nun contexto mundial cada vez máis desigual, tamén é un bo momento para, desde a nosa profunda convicción europeísta, facer unha lectura crítica da situación actual e esixir avances decididos na Europa social que a clase traballadora necesita, cara un modelo de benestar común baseado na solidariedade e con visión de futuro.

O proxecto europeo non pode avanzar sobre a base da desregulación e a austeridade, a precarización laboral, a depreciación de dereitos, a perda de tecido industrial ou o enfraquecemento dos servizos públicos. As últimas propostas da Comisión Europea, que supostamente buscan aumentar a competitividade da UE, así como os sempiternos chamamentos ao recorte do gasto público, non só supoñen un enfraquecemento dos dereitos das e os traballadores, senón que ademais profundan na desconfianza cara ao exitoso proxecto social, político e económico que trouxo o período de paz e progreso máis longo que coñeceu o continente.

UGT, como membro fundador da Confederación Europea de Sindicatos (CES), foi un axente de transformación da realidade da clase traballadora na UE, incluso antes de que o noso país formase parte da CEE. Durante estas décadas, o noso traballo en favor do diálogo social e da negociación colectiva supuxo un avance significativo nos dereitos de millóns de persoas en ámbitos como o labo-

ral, o político, o climático, a educación ou o recoñecemento de prestacións. Desde esta experiencia, tamén vimos como os decretos austericidas de fai máis dunha década facilitaron o descontento dunha masa cada vez maior de euroescépticos que a ultradereita, actor principal ou secundario nas horas máis nefastas da historia europea, comezou a organizar.

Por iso, esiximos o impulso dunha auténtica Axenda Social Europea que priorice traballos dignos, salarios xustos e protección social. A reactivación do Pilar Europeo de Dereitos Sociais non pode facerse a costa de simplificacións administrativas, como pretende o denominado “28.º Réxime”. Esiximos así mesmo a revisión de iniciativas como o paquete lexislativo “*Ómnibus”, garantindo que non supoñan retrocesos en dereitos laborais nin nos estándares sociais.

O sindicato reclama tamén un aumento do investimento e políticas públicas que garantan o crecemento industrial e tecnolóxico do continente, de xeito que se asegure a súa soberanía estratéxica. Para iso, a Comisión Europea —garante do diálogo social— debe fomentalo e fortalecelo de xeito real e en todos os niveis, como ferramenta clave para construír consensos e avanzar en dereitos. Para rematar, UGT pide ao Goberno de España o cumprimento efectivo e a correcta transposición das directivas europeas cuxo proceso aínda

non se completou, evitando atrasos ou interpretacións restritivas que prexudiquen ás e ós traballadores.

Fronte aos intentos de frear os avances sociais por parte das forzas políticas da dereita extrema e a extrema dereita, dentro e fóra do noso continente, UGT reafirma a súa defensa firme e inequívoca do sindicalismo como parte consubstancial da democracia, a liberdade e o modelo social europeo, redobrando a acción sindical e a mobilización para evitar calquera retroceso. As ameazas e agresións —bélicas, económicas, informáticas ou políticas— procedentes de gobernos autoritarios como os de Trump ou Putin non deben desviarnos do camiño que trazamos para a UE e que desexa a maioría do continente: o dun proxecto de integración no que a defensa e a promoción dos dereitos humanos e do traballo digno, a través da xustiza social, traian consigo progreso e garantan a paz, esencia mesma da creación deste espazo institucional único no mundo.

No Día de Europa reivindicamos, pois, un progreso económico que se traduza de xeito inmediato en progreso social. Porque só así poderemos garantir que Europa sexa o espazo de paz e fraternidade que foi chamado a ser, que anhela UGT e o conxunto do movemento sindical europeo, e que hoxe se atopa ameazado por demasiados riscos externos e internos.